

# A metamorfose forzada ou xuízo nun acto

Nee Barros Fernández

*Cadernos Pygmalión*





**A metamorfose forzada ou  
xuízo nun acto**  
Nee Barros Fernández

*Cadernos Pygmalión n° 2*

O **V Premio de Teatro Breve Testeatro** está convocado pola **Mostra de Teatro de Ensino Secundario do Morrazo** co obxectivo de difundir a escrita dramática e contribuír á práctica da lingua galega. O premio, aberto ao alumnado de secundaria e bacharelato de toda Galicia, tomou como tema común “A METAMORFOSE”.

*A metamorfose forzada ou xuízo nun acto*, de Nee Barros Fernández (de 1º de Bacharelato) do IES Frei Martín Sarmiento de Pontevedra foi a obra gañadora do certame.

O xurado do concurso estivo formado por Fran Godón (dramaturgo e ensinante), María Armesto (dramaturga e directora da Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas) e Manuel Xestoso (crítico teatral e subdirector da *erregueté*), exercendo como secretaria Vanesa Sotelo (dramaturga e directora da *erregueté*).



# **A metamorfose forzada ou xuízo nun acto**

Nee Barros Fernández

**Nee Barros Fernández**

Curso: 1º Bacharelato

Centro IES Frei Martín Sarmiento (Pontevedra)



*Levántase o pano e aparecen tres persoas sentadas no medio de escena formando un triángulo rectángulo, laterais con respecto ao público e iluminadas por un foco. Dúas miran cara á parte exterior esquerda do escenario e a outra, de costas a estas, cara á exterior dereita. Esta última, o ESCRITOR, debuxa formas no aire cunha cara moi neutra, e as outras dúas, as LECTORAS, seguen emocionadas co corpo e coa mirada, aínda que sen chegar a velo, o percorrido deste trazo. O ESCRITOR viste unha roupa moi neutra e escura, mentres que a das LECTORAS é de cores rechamantes que non pegan entre si. Escóitase unha voz en off do ESCRITOR, que comeza xa dende antes de abrir o pano.*

ESCRITOR.- Quen me mandaría a min nacer nesta época? Nesta maldita época. Nesta estúpida, inútil, surrealista, irreal época. Algún adxectivo máis ou así lles parecerá ben ás lectoras? Está o nicho de mercado contento

ou é todo demasiado artístico, persoal, posromántico? Que tostón infumable de vida é esta, eh? E aínda así vos gusta? Hai que ser ben parvos. Se a literatura puidese pasarse por microchip e non tivésedes que mastigar nada de seguro que estabades contentas, pero despois o tolo son eu. “Por que che gustan as súas novelas?” “Porque son moi estrañas, parece coma se vivise permanentemente noutra realidade”. Irrealidade a vosa. Tan drogadas estades polo sistema que pensades que eu escribo sobre algo alleo.

*O ESCRITOR sae de escena e aparece unha luz que ilumina todo o escenario, as LECTORAS érguense mirando todo ao redor, como se fose mil veces máis emocionante do que realmente é, con cara de ilusas e rindo por todo.*

LECTORA 1.- *(Moi abraiada.)* Viches que raro o que escribiu no capítulo nove?

LECTORA 2.- Algo de que a xente é mala por natureza, e de que non hai que dar moitas oportunidades, que quen de verdade paga a pena xa cho demostra á primeira, non?

LECTORA 1.- Lino o outro día e non sabes que graza que me fixo! (*Rindo.*) Cada vez gústanme máis as comedias deste señor!

LECTORA 2.- A min paréceme un humor que case se pasa co surrealismo, pero sabe quedar no punto exacto.

LECTORA 1.- Bo, a min non me parece así, non te lembrás da loucura esa de que o aspecto da xente se define pola sociedade?

LECTORA 2.- (*Burlándose.*) “Por imitación ou contraposición”.

LECTORA 1.- Iso mesmo!

LECTORA 2.- Que horríbel sería un mundo no que actuásemos en función do resto.

LECTORA 1.- Peor sería que nos crésemos iso de que só somos produto da imaxinación de alguén.

LECTORA 2.- Unha mera obra de teatro! (*Escachancoarisa.*)  
*De súpeto, apágase a luz e acéndese un foco no fondo á dereita, onde está moi serio o ESCRITOR, que comeza a falar lentamente e implorando.*

ESCRITOR.- Ten que crerme, señor, porque disto depende a miña vida. Eu non quería escribir sobre a realidade, pero parece ser que esta é o mellor xénero de comedia, e de algo haberá que subsistir, non? Mellor isto que acabar pechado nun manicomio.

*De entre o público aparecen as LECTORAS, que van cara ao ESCRITOR e apresándoo tómbano no centro da escena, este non opón resistencia. Unha agárrao polos brazos e outra polas pernas.*

LECTORA 1.- Un.

LECTORA 2.- Dous.

LECTORA 1.- Un.

LECTORA 2.- Dous.

LECTORA 1.- Un.

LECTORA 2.- Dous.

LECTORAS.- (*Berrando.*) Que ves?

ESCRITOR.- Nada.

LECTORA 1.- Un.

LECTORA 2.- Dous.

LECTORA 1.- Un.

LECTORA 2.- Dous.

LECTORA 1.- Un.

LECTORA 2.- Dous.

LECTORAS.- (*Berrando.*) Que ves?

ESCRITOR.- Nada.

LECTORA 1.- Un.

LECTORA 2.- Dous.

LECTORA 1.- Un.

LECTORA 2.- Dous.

LECTORA 1.- Un.

LECTORA 2.- Dous.

LECTORAS.- (*Berrando.*) Que interpretas?

ESCRITOR.- O todo.

*As LECTORAS comezan a reanimar ao ESCRITOR mentres se escoita unha VOZ RADIOFÓNICA en off.*

VOZ RADIOFÓNICA.- O tolo escritor afirmou hoxe que a realidade é inexacta, que o superficial é medible pero que hai cousas detrás que non o son. Que non todo é negro ou branco e que o único absoluto é a idade de que el non é o tolo nesta historia.

ESCRITOR.- (*En off coma se estivese a soar pola radio.*) Deixádeme en paz! Non me preguntedes a min! Lede os meus libros e observade a m\*rda (*son de censura*) que tedes nos fociños! Alimentade o voso olfacto, por favor.

VOZ RADIOFÓNICA.- Que fale o pobo!

*Apágase a luz e as LECTORAS saen de escena arrastrándose como dúas sombras, pero o ESCRITOR segue tirado no medio cun foco iluminándoo mentres caen follas dos seus libros cubríndoo. As LECTORAS comezan a subir ao escenario persoas aleatorias, unha a unha, facéndolles preguntas e desbotándoas sen deixarlles tempo a responder.*

LECTORA 1.- Que é a realidade? (Ao non obter unha resposta profíre unha exclamación e senta a persoa no fondo suxeitando un libro que lle tapa a cara.)

LECTORA 2.- Consideras que a metamorfose é un proxecto xusto? (Repíte o mesmo proceso.)

LECTORA 1.- Para que serve todo isto? (Repetición.)

LECTORA 2.- Son as bolboretas máis felices despois de facela? (Repetición.)

LECTORA 2.- Unha bolboreta que non quere facela debe ser obrigada ou exterminada? (*Repetición.*)

LECTORA 1.- É necesario dar a túa opinión cando toda a xente sabe o que é correcto? (*Repetición.*)

LECTORA 1.- Mellor ti cala, e le o correcto. (*Repetición.*)

*Xa con todos os espectadores sentados no fondo en liña recta, o ESCRITOR comeza a poñerse sentado e apartar os papeis para despois facerse unha bóla lentamente. Mentres, as LECTORAS aproveitan para darlles indicacións ás espectadoras, que quedan fóra de foco. Escóitase unha voz en off dun XUÍZ.*

XUÍZ.- Ten o condenado algunha última vontade?

ESCRITOR.- Que remate todo isto, por favor.

*Cando o ESCRITOR xa está encollido, as espectadoras e LECTORAS rodéano a modo de crisálida. Dentro do cír-*



*culo, este metamorfoseábase quitando a roupa escura para deixar ao descuberto unha máis rechamante, ao xeito do resto. A formación dispérsase e o ESCRITOR sae cun sorriso moi falso e o pelo recollido, coloca os folios nun soporte e préndelles lume mentres o pano cae. Cando parece que a función rematou, escóitase a voz das LECTORAS.*

LECTORA 2.- Isto non pode rematar así, non?

LECTORA 1.- Somos algo máis que unha idea, non?

**FIN**

Coa intención de reforzar a presenza do teatro e da literatura dramática entre o público adolescente, a **erregueté** colabora coa Mostra de Teatro do Ensino Secundario do Morrazo coa edición dos textos premiados no Certame de Teatro Breve. Esta colección, editada en papel polo centro de ensino organizador, pode consultarse no web [www.erreguete.gal](http://www.erreguete.gal).

**Cadernos Pygmalión 01:** *A derradeira mentira*, de Ana Díaz Sticcotti e *Pedra, pael e tesoiras!* de Yaiza Portela Costa.

**Cadernos Pygmalión 02:** *A metamorfose forzada ou xuízo nun acto*, de Nee Barros Fernández.

---

Consulte os textos publicados  
pola *Revista Colega de Teatro* en:  
**[www.erreguete.gal](http://www.erreguete.gal)**

**Edita** Asociación Cultural Entre Bambalinas  
**Depósito legal** Vg.21-1994  
**ISSN** 1888-2412

---

**erre  
gue  
té**  
revista galega de teatro

	
	

Mostra  
Teatro  
Ensino  
Secundario  
do Morrazo



MOSTRA  
INTERNACIONAL  
DE TEATRO  
CÓMICO  
E FESTIVO  
DE CANGAS



IES AS BARXAS